

Resolución do 17 de marzo de 2010, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se procede a designar os membros e a facer pública a composición do xurado de selección que analizará e valorará as solicitudes dos aspirantes aos premios extraordinarios de formación profesional específica de grao superior correspondentes ao curso 2008-2009.

En virtude da autorización conferida pola disposición derradeira primeira da Orde do 23 de febreiro de 2010 (DOG do 2 de marzo), pola que se convocan os premios extraordinarios de formación profesional específica de grao superior correspondentes ao curso 2008-2009, e de conformidade co establecido no artigo 7º desa orde, en relación coa composición do xurado de selección encargado da análise e valoración das solicitudes, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Designar os membros do xurado de selección que deberá analizar e valorar as solicitudes dos aspirantes aos premios extraordinarios de formación profesional correspondentes ao curso 2008-2009 e facer pública a súa composición, que é a que figura no anexo a esta resolución.

Segundo.-Por proposta do xurado de selección poderanse designar os especialistas necesarios para que asesoren o xurado de selección na valoración dos méritos dos aspirantes.

Terceiro.-Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2010.

José Luis Mira Lema
Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

ANEXO

Xurado de selección.

Presidenta: Carmen Cimadevila Cea, subdirectora xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, por delegación do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Membros:

Marina Armada Vigo, xefa do Servizo de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.

Xosé Romarís Lens, xefe do Servizo de Ordenación e Formación Profesional.

Jesús Álvarez Marcote, inspector de educación.

Elisa Isabel Amoedo Barciela, inspectora de educación.

Carmen García Rodríguez, inspectora de educación.

Manuel Guerra Fernández, inspector de educación.

Alfonso González González, inspector de educación.

Félix Perujo de Llano, inspector de educación.

Pilar Álvarez Martínez, profesora de ensino secundario.

Gema Baquero Villaverde, profesora de ensino secundario.

Sonia García Novoa, profesora de ensino secundario.

Carmen Rey Castro, profesora de ensino secundario.

Leopoldo Bahillo Varela, funcionario da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que actuará como secretario.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 24 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas ao sector equino para o seu fomento e desenvolvemento, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan no ano 2010.

O sector equino é un dos sectores gandeiros con máis importancia histórica en Galicia. Ata mediados do século pasado, o seu papel como forza de transporte e traballo foi insustituíble, e o resto dos seus produtos tiñan a relevancia suficiente como para seren incluídos dentro da contabilidade agraria. Non obstante, a rápida substitución do equino como ferramenta de traballo debido aos avances tecnolóxicos levou a unha importante regresión desta produción gandeira.

A pesar desta evolución histórica, o gando equino segue a ter un destacado papel no sector gandeiro galego, tanto polo censo desta cabana, como por ser esta capaz de aproveitar directamente recursos naturais fóra do alcance doutras producións gandeiras. Precisamente esta capacidade levou á xeneralización en Galicia dun sistema de crianza peculiar consistente na explotación en extensivo e completa liberdade. Este sistema de cría desenvólvese maioritariamente sobre a base territorial dos montes xestionados polas comunidades de montes veciñais en man común (CCMMVVMC), que representan practicamente un terzo da superficie forestal galega.

O fomento deste tipo de produción gandeira é estratéxica para o medio rural galego tanto pola xeración de riqueza que representa o aproveitamento *in situ* e sustentable de recursos naturais polas greas, como pola súa incidencia no control da acumulación de biomasa piroxénica nos montes e, polo tanto, contribución á diminución da probabilidade e gravidade dos incendios forestais. Neste terreo, esta orde pretende fomentar actuacións encamiñadas a compatibilizar a cría de équidos cos aproveitamentos forestais e outros aproveitamentos do monte mediante o desenvolvemento de programas de cría que apliquen criterios zootécnicos, fomentar a organización dos produtores equinos en asociacións que establezan acordos de aproveitamento de pastos coas CMVMC; e por outra, fomentar actividades de asis-

tencia técnica, e mellorar a comercialización dos produtos:

Por outra banda, en consonancia coas novas directrices da derradeira reforma da política agraria común, o fomento da produción gandeira debe de orientarse noutros ámbitos empresariais cara ás demandas sociais do mercado; desde o turismo rural, con crecente importancia de xeito continuado, ata as actividades terapéuticas, como é o emprego do gando equino na adaptación de persoas con minusvalías e sen esquecer todas as actividades deportivas relacionadas con este tipo de animais (carreiras, concursos de saltos, etc.), todas elas, á fin e o cabo, xeradoras dunha riqueza económica e social que se considera axeitado fomentar desde os poderes públicos.

Estas axudas axústanse ao disposto nas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario e forestal 2007-2013, DO C 319, 17-12-2006; ao Regulamento (CE) 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas e polo que se modifica o Regulamento (CE) 70/2001, DO L 358, 16-12-2006; ao Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*, DO L 379, 28-12-2006; e ao Regulamento (CE) 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de extensión por categorías), DO L 214, 9-8-2008.

O Real decreto 1643/2008, do 10 de outubro, que establece as bases reguladoras das subvencións estatais destinadas ao sector equino, establece que as comunidades autónomas son as encargadas da xestión das subvencións que nel se recollen, polo que se fai preciso o desenvolvemento dunha normativa galega para a xestión destas axudas. As empresas agrarias equinas definidas neste real decreto reciben tradicionalmente en Galicia a denominación de explotacións agrarias equinas, atopándose definidas como tales explotacións agrarias na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

En consecuencia, de acordo co previsto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confiren os artigos 7 e 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as competencias que me confire a Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º.-*Obxecto da orde.*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a concesión de axudas da Con-

sellería do Medio Rural, en concorrència competitiva, para o fomento e desenvolvemento do sector equino na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Estas bases publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web oficial da Consellería do Medio Rural.

3. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as axudas para o ano 2010.

Artigo 2º.-*Definicións.*

1. Para os efectos desta orde, serán de aplicación as definicións previstas no Regulamento (CE) 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas e polo que se modifica o Regulamento (CE) 70/2001, no Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006 relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*, e no Regulamento (CE) 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de extensión por categorías) na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

2. Así mesmo, entenderase como:

a) Agrupación de produtores equinos: as entidades con personalidade xurídica propia, baixo calquera forma asociativa válida de acordo co ordenamento xurídico que, nos seus estatutos de constitución teñan entre os seus obxectivos a produción e crianza de gando equino.

b) Empresa/explotación agraria equina: o conxunto de bens e dereitos organizados empresarialmente polo seu titular no exercicio da actividade agraria coa especie equina, primordialmente con fins de mercado e que constitúe en si mesma unha unidade técnico económica.

c) Équidos: os cabalos, asnos e os seus cruzamentos.

d) Instalación equina non comercial: Aquela instalación dedicada ao mantemento de équidos por un particular.

e) Primeira instalación: o inicio da actividade gandeira por primeira vez con équidos ou a reorientación da produción con cambio de especie cara á produción equina.

f) Agricultor mozo: a persoa que teña cumpridos os dezaioito anos e non teña cumpridos corenta anos e exerza ou pretenda exercer a actividade agraria.

g) Silvopastoreo: o uso de terreos forestais, pastos, pastos arbustivos ou pasto con arboredo con fins gandeiros mediante aproveitamento extensivo dos seus recursos.

h) Zonas desfavorecidas: relación de concellos de Galicia afectados pola consideración de zonas desfavorecidas de acordo co disposto no Regulamento

CE) 1257/1999 do Consello sobre a axuda ao desenvolvemento rural.

Artigo 3º.-*Liñas de axuda e inicio das actuacións subvencionables.*

1. As liñas de axuda serán as seguintes:

a) Axudas aos investimentos en pequenas e medianas empresas equinas ou explotacións agrarias equinas dedicadas á produción e cría de équidos.

b) Axudas ás asociacións e agrupacións de pequenos e medianos produtores de équidos.

c) Axudas aos investimentos en pequenas e medianas empresas agrarias equinas dedicadas á transformación e comercialización de carne de cabalo.

d) Axudas ás pequenas e medianas empresas non agrarias e outras institucións.

e) Axudas á formación.

2. As actividades obxecto de subvención deberán realizarse con posterioridade á presentación da solicitude.

3. Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta orde, as actividades das instalacións equinas non comerciais.

CAPÍTULO II

DISTRIBUCIÓN DAS AXUDAS

SECCIÓN PRIMEIRA

AXUDAS AOS INVESTIMENTOS EN PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS EQUINAS OU EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DEDICADAS Á PRODUCCIÓN E CRÍA DE ÉQUIDOS

Artigo 4º.-*Obxecto.*

1. O obxecto desta axuda é optimizar os custos de produción, mellorar e reorientar a produción, aumentar a calidade, protexer e mellorar a contorna natural, as condicións hixiénicas e as normas de benestar animal e fomentar a diversificación das actividades gandeiras coa especie equina.

2. O réxime destas axudas axústase ao disposto nas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario e forestal 2007-2013.

Artigo 5º.-*Actividades subvencionables.*

As actividades subvencionables serán as seguintes:

1. A construción, adquisición e mellora de bens inmobles para a súa adaptación á cría e estabulación de équidos, incluíndo o acondicionamento de parcelas para o desenvolvemento da actividade gandeira coa especie equina, a construción e rehabilitación de valados e cercados perimetrais, a construción de recintos de manexo, mangas de contención, refuxios, etc.

No caso de construción, adquisición e mellora de bens inmobles, o período durante o cal o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención, non poderá ser inferior a dez anos en caso de bens inscribibles nun rexistro público, nin a dous anos para o resto de bens. No caso de bens inscribibles nun rexistro público, deberá facerse constar na escritura esta cir-

cunstancia, así como o importe da subvención concedida, debendo ser obxecto estes extremos de inscrición no rexistro público correspondente.

2. A compra ou arrendamento con opción de compra de nova maquinaria e equipo, incluídos os ordenadores destinados á actividade gandeira equina no suposto de primeira instalación como explotación gandeira equina.

3. Os custos xerais, como honorarios de técnicos e estudos de viabilidade para a primeira instalación da explotación gandeira equina.

4. Investimentos destinados á adaptación e mellora das normas mínimas en materia de ambiente, hixiene e benestar animal relacionadas coa especie equina, así como a aplicación de sistemas de control individual dos animais explotados en sistemas extensivos necesarios para desenvolver as devanditas accións, conforme o previsto no artigo 4 do Regulamento (CE) 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006.

Artigo 6º.-*Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios das axudas os titulares de pequenas e medianas empresas agrarias equinas ou explotacións agrarias destinadas á produción e cría de équidos que cumpran cos seguintes requisitos:

a) Estaren inscritas no Rexistro de Explotacións Gandeiras conforme O Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras, como explotación de reprodución e produción, así como dispor do correspondente libro de explotación actualizado que se estableza regulamentariamente para os équidos e identificar os seus animais conforme a normativa vixente.

b) Acreditar estar ao corrente das obrigas fiscais e coa Seguridade Social que correspondan, conforme a normativa vixente, así como cumprir o conxunto de requisitos necesarios establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, xunto coa acreditación ou certificación de non ter débedas coa comunidade autónoma.

c) Presentar unha memoria técnica elaborada por un titulado universitario en disciplina de contido agrario ou biolóxico na que se expoña o conxunto do proxecto, a suficiencia para a viabilidade económica da explotación, a repercusión deste no medio onde se desenvolva, así como a xustificación, se é o caso, da existencia no proxecto de varios criterios obxectivos de prelación recollidos no punto 2 do artigo 25º.

2. Non poderán ser beneficiarios os que sexan sancionados por:

a) Incumprimento das normas mínimas en materia de ambiente, en particular, as relacionadas coa xestión dos subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano xerados na súa empresa ou explotación agraria.

b) Incumplimento da normativa aplicable en materia de benestar animal e, en especial, o Real decreto 348/2000, do 10 de marzo, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE do Consello, do 20 de xullo de 1998, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras, o Regulamento 1/2005 do Consello do 22 de decembro de 2004, relativo á protección dos animais durante o transporte e operacións conexas, e a Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio.

c) Incumplimento na aplicación dos programas sanitarios establecidos ou por anomalías no rexistro dos tratamentos medicamentosos, conforme a Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e ao Real decreto 1749 /1998, do 31 de xullo, polo que se establecen as medidas de control aplicables a determinadas substancias e os seus residuos nos animais vivos e os seus produtos.

3. Non poderán obter a condición de beneficiario aqueles que se atopen incurso nalgunha das causas de prohibición previstas na normativa aplicable en materia de subvencións.

Artigo 7º.-*Contía das axudas.*

1. A intensidade bruta da axuda non deberá superar:

a) O 50 por cento dos investimentos subvencionables nas zonas desfavorecidas ou nas zonas indicadas no artigo 36, letra a) incisos i), ii) e iii), do Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, DO L 277, 21-10-2005, que regula as axudas ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e, no caso de novos agricultores, o 60 por cento, dentro dos cinco anos seguintes á súa instalación.

b) O 40 por cento dos investimentos subvencionables nas demais rexións e, no caso de novos agricultores, o 50 por cento, dentro dos cinco anos seguintes á súa instalación.

c) Cando os investimentos previstos nos parágrafos a) e b) deste punto ocasionen custos suplementarios relacionados coa protección e a mellora do ambiente e a mellora das condicións de hixiene das empresas pecuarias ou o benestar do gando, o 75 por cento dos investimentos subvencionables nas rexións indicadas no parágrafo a) e o 60 por cento destas noutras rexións.

Este último incremento só se poderá conceder para os investimentos que superen os mínimos establecidos nas normas comunitarias, nacionais ou autonómicas ou para os investimentos destinados á adaptación e mellora das normas mínimas establecidas no artigo 4 do Regulamento (CE) 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006.

2. O importe máximo da axuda concedida a unha empresa ou explotación agraria determinada, non deberá superar os 50.000 euros, importe que poderá ascender a 60.000 euros se a empresa está situada

nunha zona desfavorecida ou nunha das zonas indicadas no artigo 36, letra a), incisos i), ii) ou iii) do Regulamento (CE) 1698/2005, do 20 de setembro de 2005.

SECCIÓN SEGUNDA

AXUDAS ÁS ASOCIACIÓNS OU AGRUPACIÓNS DE PRODUTORES

Artigo 8º.-*Obxecto.*

O obxectivo desta axuda é promover a constitución de entidades de carácter asociativo legalmente recoñecidas relacionadas co sector equino, para actividades de asistencia técnica a estas asociacións e as súas agrupacións, así como apoiar as constituídas con outros fins que amplíen o seu ámbito de actuación ao sector equino para mellorar o seu funcionamento e a comercialización dos seus produtos, en particular, aquelas medidas que favorezan a concentración da oferta e a mellora na calidade dos produtos.

O réxime destas axudas axústase ao disposto no artigo 9 do Regulamento (CE) 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006 e no punto IV.A.2 das directrices comunitarias sobre axudas estatais destinadas ao sector agrario e forestal 2007-2013.

Artigo 9º.-*Actividades subvencionables.*

As actividades subvencionables serán as seguintes:

1. Asistencia técnica ás entidades asociativas e agrupacións de produtores de équidos que se constituían ou que amplíen significativamente as súas actividades ao ámbito equino.

2. Implantación de programas de calidade voluntarios ou de sistemas de produción diferenciada, denominacións de calidade e produción ecolóxica.

3. Implantación de programas de manexo zootécnico e sanitario e nas explotacións equinas aprobados pola autoridade competente que abrangan aspectos relacionados coa mellora da calidade e sanidade das producións equinas e aplicación de sistemas de control individual dos animais explotados en sistemas extensivos necesarios para desenvolver as devanditas accións.

4. Implantación de técnicas ou prácticas innovadoras no ámbito da cría equina de produción de carne, incluído a ceba en común, centros de normalización ou tipificación de canles, entre outros.

5. Celebración e asistencia a certames, feiras ou exposicións cuxa finalidade sexa o fomento e a promoción do gando equino e os seus produtos e servizos, sempre que non se atopen incluídos no ámbito de aplicación da orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do 17 de marzo de 1988, pola que se actualizan e regulan os certames gandeiros de raza pura, de carácter nacional e internacional, e se fixan os estímulos á participación nestes.

6. Campañas para a promoción e difusión do consumo de carne de cabalo e das súas calidades nutricionais.

7. Adquisición de equipos ou realización de investimentos para utilización conxunta da asociación ou agrupación de produtores.

8. No caso de asociacións ou agrupacións que se constitúan ou que amplíen significativamente as súas actividades, o aluguer de locais apropiados e a adquisición de material, incluídos os computadores para a aplicación dos programas.

Artigo 10º.-Beneficiarios das axudas.

1. Poderán ser beneficiarios das axudas as entidades asociativas ou as súas agrupacións, agrupacións de produtores da especie equina, as CCMMVVMCC cun plan de aproveitamento de pastos que inclúa a especie equina e as agrupacións de defensa sanitaria, recoñecidas de acordo co establecido no Real decreto 1880/1996, do 2 de agosto, polo que se regulan as agrupacións de defensa sanitaria gandeiras, que cumpran as seguintes condicións:

a) Acreditar estar ao corrente das obrigas fiscais e coa Seguridade Social que correspondan, conforme a normativa vixente, así como cumprir o conxunto de requisitos necesarios establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, xunto coa acreditación ou certificación de non ter débedas coa comunidade autónoma.

b) Presentar unha memoria técnica na que se expoña o conxunto do proxecto, a suficiencia para a viabilidade económica da asociación ou agrupación, a repercusión deste no medio onde se desenvolva, así como a xustificación, se é o caso, da existencia no proxecto de varios criterios obxectivos de prelación recollidos no punto 2 do artigo 25º.

c) Todas as explotacións dos integrantes da asociación ou agrupación deben cumprir cos requisitos establecidos nas letras anteriores, excepto no relativo á viabilidade económica, que deberá acreditar a entidade beneficiaria da axuda.

d) Os programas aprobados débense aplicar a todas as explotacións pertencentes á asociación.

e) Os programas deben ser supervisados por un técnico con titulación universitaria e, no caso dos programas sanitarios, por un veterinario.

f) No caso de que as axudas solicitadas estean destinadas a mellorar a comercialización da produción que, polo menos, o 50 por cento desta, que pola súa vez proceda, como mínimo, do 50 por cento das explotacións integradas na entidade asociativa, debe ser comercializada co control e coordinación da entidade asociativa beneficiaria.

g) Que o obxectivo de todos os membros da agrupación ou asociación sexa adaptar a produción final ás exixencias do mercado, en particular, mediante a concentración da oferta.

h) No caso do punto 4 do artigo 9º, que cumpran os requisitos previstos nos números 4 e 5 do artigo 14 do Regulamento (CE) 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006.

2. Fóra das axudas recollidas no punto 7 do artigo 9º, non poderán concederse subvencións despois

do sétimo ano seguinte ao recoñecemento ou constitución da asociación ou agrupación de produtores.

3. Non poderán obter a condición de beneficiario aqueles que se atopen incursos nalgunha das causas de prohibición previstas na normativa aplicable en materia de subvencións.

Artigo 11º.-Contía das axudas.

1. A contía máxima total da axuda por agrupación ou asociación non poderá ser superior a 200.000 euros e deberanse respectar, ademais as seguintes condicións:

a) No caso dos puntos 4 e 5 do artigo 9º, o límite máximo das axudas non poderá superar anualmente o 50 por cento dos custos subvencionables. En todo caso, o límite de 200.000 euros por beneficiario virá referido a un período máximo de tres anos consecutivos.

b) No caso do punto 6 do artigo 9º, o límite máximo será o 50 por cento do custo de cada campaña.

c) No caso do punto 7 do artigo 9º, o límite máximo será o 40 por cento dos investimentos subvencionables, ou o 50 por cento en zonas desfavorecidas ou nas zonas indicadas no artigo 36, letra a) incisos i), ii) e iii), do Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005.

2. En canto ao dito no punto anterior, no caso de actividades destinadas á compensación dos custos de prevención e erradicación de enfermidades dos animais, así como os derivados de controis sanitarios, probas e outras medidas de detección, compra e administración de vacinas, poderase subvencionar ata o 100 por cento do custo da actividade.

Para a obtención desta axuda deberán cumprirse os requisitos establecidos no artigo 10º.1, así como os requisitos establecidos no parágrafo 1 b) e nos puntos 4 ao 8 do artigo 10 do Regulamento (CE) 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006.

Artigo 12º.-Axudas adicionais.

Ademais das axudas anteriores, as asociacións ou agrupacións de produtores poderán optar a outras axudas adicionais, sempre que se cumpra o establecido no artigo 10.1º.

O obxecto destas será aumentar a calidade das producións obtidas, mellorar e protexer a contorna laboral, as condicións hixiénicas, as normas de benestar animal e a trazabilidade das actividades gandeiras coa especie equina. Son subvencionables aquelas actividades que entren dentro destes campos e os límites da subvención serán os establecidos no punto 4 do artigo 5º.

SECCIÓN TERCEIRA

AXUDAS AOS INVESTIMENTOS EN PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS
AGRARIAS EQUINAS DEDICADAS Á TRANSFORMACIÓN
E COMERCIALIZACIÓN DE CARNE DE CABALO

Artigo 13º.-Obxecto.

1. O obxectivo desta axuda é facilitar a mellora e racionalización da transformación e comercialización da carne de cabalo, aumentar a súa competitividade e o seu valor engadido, mellorar a súa calida-

de e aplicar procedementos de rastrexabilidade ao longo de toda a cadea de produción.

2. O réxime destas axudas axústase ao disposto no Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006.

Artigo 14º.-*Actividades subvencionables.*

As actividades subvencionables serán as seguintes:

1. Implantación de programas voluntarios de garantía de calidade e sistemas documentais para a etiquetaxe e rastrexabilidade das producións co fin de mellorar a calidade.

2. Compra ou arrendamento de maquinaria, equipos e computadores, para a aplicación dos programas e sistemas documentais sinalados no parágrafo anterior.

3. Estudos de mercado e viabilidade, deseño de produtos e pagamento de honorarios a asesores.

4. Celebración e asistencia a certames, feiras e exposicións cuxa finalidade sexa o fomento e a promoción de carne de cabalo.

Artigo 15º.-*Beneficiarios das axudas.*

1. Poderán ser beneficiarios das axudas aquelas pequenas e medianas empresas agrarias equinas dedicadas á transformación e comercialización de carne de cabalo ou as súas asociacións legalmente recoñecidas, sobre as que recaia a carga financeira dos investimentos e gastos que se consideren subvencionables, que realicen a actividade para a que se outorga a axuda e que manteñan a actividade durante un período non inferior a cinco anos contados a partir do momento en que aquela se iniciou e que, ademais, cumpran os seguintes requisitos:

a) Acreditar a viabilidade económica da empresa e estar á corrente das obrigas fiscais e coa Seguridade Social, así como cumprir o conxunto de requisitos necesarios establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, xunto coa acreditación ou certificación de non ter débedas coa Comunidade Autónoma.

b) Acreditar ou, se é o caso, achegar declaración do responsable da aplicación de sistemas de rastrexabilidade na produción, de control de puntos críticos en todo o proceso produtivo, así como fomentar, mediante compromisos por escrito, o cumprimento das normas en vigor sobre o ambiente, a hixiene e a sanidade, o rexistro e identificación dos animais, os programas sanitarios aprobados pola autoridade competente e, se é o caso, o benestar animal e códigos de boas prácticas hixiénicas, nas explotacións vinculadas.

c) Realizar unha correcta xestión dos subprodutos xerados durante o proceso produtivo.

d) Presentar unha memoria técnica onde se expoña claramente o conxunto do proxecto, a súa viabilidade, a repercusión deste no medio onde se desenvolva, así como a xustificación, se é o caso, da existencia no proxecto dun ou varios criterios obxectivos de prelación recollidos no punto 2 do artigo 25º.

2. En todo caso, o beneficiario presentará unha declaración sobre calquera outra axuda *de minimis* recibida durante os dous exercicios anteriores e durante o exercicio fiscal en curso.

3. A axuda non poderá repercutirse, total ou parcialmente, sobre os produtores primarios (agricultores).

4. Non poderán obter a condición de beneficiarios aqueles que se atopen incursos nalgunha das causas de prohibición previstas na normativa comunitaria aplicable en materia de subvencións.

Artigo 16º.-*Contía das axudas.*

A contía máxima total da axuda non poderá superar os 60.000 euros brutos por cada exercicio fiscal. En todo caso, terase en conta o disposto no artigo 2 do Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006.

SECCIÓN CUARTA

AXUDAS ÁS PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS NON AGRARIAS E OUTRAS INSTITUCIÓNS

Artigo 17º.-*Obxecto.*

O obxecto desta axuda é o fomento de actividades relacionadas con servizos a terceiros nos ámbitos do lecer, deportivos, sociais, culturais ou do turismo rural coa utilización de équidos.

O réxime destas axudas axústase ao disposto no Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006.

Artigo 18º.-*Actividades subvencionables.*

As actividades subvencionables serán as seguintes:

1. Adecuación e deseño das instalacións e aloxamento dos animais, zonas de recreo e rutas ecuestres para o desenvolvemento da actividade.

2. Compra de arneses, cadeiras de montar e demais bens mobles de uso específico directamente relacionado coa práctica da actividade ecuestre, en empresas de turismo rural que desexen ofrecer servizos a terceiros con équidos.

3. Desenvolvemento de actividades ecuestres no ámbito escolar, con fins terapéuticos (hipoterapia), ou dirixida a sectores con dificultades sociais de acceso á actividade.

4. Fomento da equitación de base nas escolas e centros formativos, como actividade complementaria educacional, cando se implante por primeira vez e no marco dun programa aprobado pola autoridade competente.

Artigo 19º.-*Beneficiarios das axudas.*

1. Poderán ser beneficiarios das axudas as pequenas e medianas empresas non agrarias e aquelas outras institucións que ofrezan servizos a terceiros con participación de équidos, excluindo os hipódromos. En particular, poderán ser beneficiarios os centros de aluguer ou pupilaxe de animais da especie equina, centros de lecer nos que se leven a cabo actividades ecuestres, empresas de turismo rural, centros de ensino públicos ou privados, centros deportivos

ecuestres que desenvolvan a súa actividade no ámbito rural, así como fundacións, empresas e as súas asociacións, sempre que o seu obxecto sexan as actividades económicas relacionadas coa utilización de équidos e, en especial, co fomento da equitación.

2. Para poder optar a estas axudas os beneficiarios deberán cumprir, en función da actividade subvencionable, os seguintes requisitos:

a) Acreditar a viabilidade económica da empresa e estar ao corrente das obrigas fiscais e coa Seguridade Social que correspondan conforme a normativa vixente, así como cumprir o conxunto de requisitos necesarios establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, xunto coa acreditación ou certificación de non ter débedas coa Comunidade Autónoma.

b) Cumprir coas normas mínimas exixibles en materia de benestar animal, hixiene e ambiente.

c) Levar unha correcta xestión dos subprodutos xerados pola actividade que se desenvolva cos équidos.

d) Dispor de persoal responsable dos animais, con formación específica en gandería equina ou acreditada nos dous anos posteriores.

e) Ter rexistrada a explotación, no momento de realizar a solicitude, nunha das categorías establecidas no punto 2 do anexo III do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras, e identificados todos os animais utilizados na actividade, conforme a normativa vixente.

f) Contar cun programa sanitario para os équidos, supervisado por un veterinario.

g) Presentar unha memoria técnica onde se expoña claramente o conxunto do proxecto, a súa viabilidade, a repercusión deste no medio en que se desenvolva e todos aqueles aspectos necesarios para garantir o cumprimento de calquera dos aspectos recollidos no punto 2, así como a xustificación, se é o caso, da existencia no proxecto dun ou varios criterios obxectivos recollidos no punto 2 do artigo 25º.

3. En todo caso, o beneficiario presentará unha declaración sobre calquera outra axuda *de minimis* recibida durante os dous exercicios anteriores e durante o exercicio fiscal en curso.

4. A axuda non poderá repercutirse, total ou parcialmente, sobre os produtores primarios (agricultores).

5. Non poderán obter a condición de beneficiario aqueles que se atopen incurso nalguna das causas de prohibición previstas na normativa aplicable en materia de subvencións.

Artigo 20º.-*Contía das axudas.*

A contía máxima total da axuda non poderá superar os 60.000 euros en cada exercicio fiscal. En todo caso, terase en conta o disposto no artigo 2 do Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006.

SECCIÓN QUINTA AXUDAS Á FORMACIÓN

Artigo 21º.-*Obxecto.*

1. O obxecto desta axuda é facilitar a formación específica, segundo se recolle no artigo 38 do Regulamento (CE) 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, de profesionais de alto nivel de cualificación nos distintos campos do ámbito ecuestre.

2. O réxime destas axudas axústase ao disposto na sección oitava, axudas á formación, do Regulamento (CE) 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008.

Artigo 22º.-*Actividades subvencionables.*

As actividades subvencionables serán as seguintes:

1. Realización de cursos de formación en produción equina relacionados coa produción e cría de équidos no nivel de explotación, para as asociacións ou agrupacións de produtores.

2. Realización de cursos de formación no ámbito da produción, transformación e comercialización de carne de cabalo en relación coa aplicación de sistemas de garantía da calidade sistemas APPCC (análises de perigos e puntos de control críticos), no marco das pequenas e medianas empresas agrarias equinas dedicadas á transformación e comercialización de carne de cabalo.

3. Realización de cursos de formación para profesionais, no ámbito ecuestre no caso das pequenas e medianas empresas non agrarias e outras institucións.

Artigo 23º.-*Beneficiarios.*

1. No caso da formación en produción equina relacionada coa produción e cría de équidos, serán beneficiarios aqueles que cumpran o disposto no artigo 10º desta orde.

2. No caso da formación no ámbito da produción, transformación e comercialización de carne de cabalo, consideraranse beneficiarios aqueles que cumpran o disposto no artigo 15º desta orde.

3. No caso da formación de profesionais dentro do ámbito ecuestre, consideraranse beneficiarios aqueles solicitantes que cumpran o disposto no artigo 19º desta orde.

Artigo 24º.-*Contía das axudas.*

A contía máxima total da axuda non poderá superar os 60.000 euros en cada exercicio fiscal. En todo caso, terase en conta o disposto no artigo 39 do Regulamento (CE) 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, cuxas contías non poderán superarse.

CAPÍTULO III XESTIÓN DAS AXUDAS

Artigo 25º.-*Prelación das axudas.*

1. Na concesión das subvencións previstas nesta orde, terán prioridade as axudas recollidas na sección primeira do capítulo anterior.

2. As solicitudes de axuda ordenaranse de acordo aos seguintes criterios obxectivos, cunha valoración de puntos de acordo coa seguinte relación:

a) Proxectos innovadores debidamente documentados en explotacións ou pemes agrarias: dous puntos.

b) Asociacións e colectivos a que se refire o artigo 9º: dous puntos.

c) Actividades de fomento da equitación de base e hipoterapia ou introdución da actividade equina dirixida a sectores de poboación con dificultades sociais específicas de acceso á actividade: dous puntos.

d) Novos agricultores e proxectos a cargo de mulleres: dous puntos.

e) Ter solicitadas axudas para a identificación equina na aplicación de sistemas de control individual dos animais explotados en sistemas extensivos: un punto.

En todo caso, as solicitudes puntuaranse segundo a liña de axudas e a actividade de que se trate, sendo a puntuación máxima total de cinco puntos.

3. Aqueles solicitantes que non obteñan unha puntuación mínima de dous puntos non poderán beneficiarse destas subvencións.

No caso de que máis dun solicitante obtivese a mesma puntuación, aplicarase a orde establecida no anterior punto e o número de UGMs para o desempate.

No caso de que algún dos beneficiarios renunciase á subvención, o órgano concedente acordará, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ao solicitante ou solicitantes seguintes a aquel en orde da súa puntuación, a condición de que, coa renuncia por parte dalgún dos beneficiarios, se liberou crédito suficiente para tender polo menos unha das solicitudes denegadas.

4. É incompatible a obtención simultánea de subvencións ás pequenas e medianas empresas agrarias e ás súas asociacións e agrupacións, coas subvencións ás pequenas e medianas empresas non agrarias e outras institucións. Cando unha explotación sexa susceptible de recibir axudas recollidas en varias das seccións do capítulo anterior, só poderán solicitarse subvencións reguladas nunha delas.

Artigo 26º.-*Prazo e forma das solicitudes.*

1. As solicitudes presentaranse segundo os modelos anexo I, II, III e IV para cada un dos tipos de axudas, e deberán ir debidamente cubertas e asinadas polo solicitante ou representante.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Presentaranse no rexistro xeral da Xunta de Galicia, ou nos rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado, á de calquera Administración das comunidades autónomas ou a algunha das entidades que integran a Administración local se, neste último caso, subscribiu o oportuno convenio, ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26

de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de envío por correo, farase de acordo co regulamentariamente previsto no artigo 31 do Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regula a prestación dos servizos postais, en desenvolvemento do establecido na Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, que se presentará en sobre aberto, co obxecto de que na cabeceira da primeira folia do documento que se queira enviar se faga constar, con claridade, o nome da oficina e a data, o lugar, a hora e minuto da súa admisión.

4. Se a documentación achegada fose incompleta ou presentase erros que poden ser reparados, requirirase o responsable para que, no prazo de dez días hábiles, desde o seguinte ao de recepción do requirimento, arranxe o defecto ou acompañe os documentos preceptivos, con advertencia de que, se non o fixese, se lle terá por desistido da súa solicitude tras resolución, de acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

A Consellería do Medio Rural poderá solicitar dos peticionarios toda a información e xustificacións técnicas e económicas que considere necesarias, co obxecto de comprobar a realización das actuacións subvencionables e os custos derivados.

5. Á solicitude xuntaráse a documentación que deseguido se relaciona, para cada unha das liñas de axuda:

a) Axudas ás pequenas e medianas empresas agrarias equinas ou explotacións agrarias dedicadas á produción e crianza de équidos (solicitude segundo o anexo I):

1º Se procede acreditación da personalidade xurídica da entidade solicitante. De ser o caso, mediante certificación de inscrición e vixencia, incluíndo o teor literal dos seus estatutos, emitido polo rexistro mercantil.

2º Acreditación da representatividade do solicitante, de ser o caso.

3º Certificado orixinal da entidade financeira sobre a titularidade da conta en que se solicita o ingreso do importe da axuda.

4º Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien o proxecto e de que non se atopa incurso nalguna das causas de prohibición previstas na normativa aplicable en materia de subvencións, ou encher debidamente asinada, a declaración que figura no anexo V.

5º Memoria técnica elaborada por un titulado universitario en disciplina de contido agrario ou biolóxico na que se expoña o conxunto do proxecto, a suficiencia para a viabilidade económica da explotación, a repercusión deste no medio onde se desenvolva, así

como a xustificación, se é o caso, da existencia no proxecto de varios criterios obxectivos de prelación, segundo o esquema recollido no anexo VII.

6º Avaliación económica dos gastos que se van realizar que inclúa tres orzamentos ou facturas pro forma de diferentes provedores nos supostos de que o custo sexa superior a 30.000 euros por execución de obra, ou de 12.000 euros no caso de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica.

7º Documentación acreditativa de tratarse de primeira instalación, de ser o caso.

8º Acordos de comercialización existentes, de ser o caso.

9º Declaración do responsable de cumprimento das normas mínimas en materia sanitaria, identificación, alimentación, medio natural, hixiene e benestar dos animais, de conformidade coa normativa comunitaria, nacional e autonómica segundo o anexo VI.

10º Documentación acreditativa de tratarse dunha instalación equina con actividade comercial.

b) Axudas ás asociacións e agrupacións de produtores equinos (solicitude segundo o anexo II):

1º Acreditación da personalidade xurídica da entidade solicitante.

2º Estatutos da asociación ou agrupación.

3º Acreditación da representatividade do solicitante.

4º Certificado orixinal da entidade financeira sobre a titularidade da conta en que se solicita o ingreso do importe da axuda.

5º Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien o proxecto e de que non se atopa incurso nalguna das causas de prohibición previstas na normativa aplicable en materia de subvencións, ou encher debidamente asinada, a declaración que figura no anexo V.

6º Memoria técnica elaborada por un titulado universitario en disciplina de contido agrario ou biolóxico na que se expoña o conxunto do proxecto, a suficiencia para a viabilidade económica da asociación ou agrupación, a repercusión deste no medio onde se desenvolva, así como a xustificación, se é o caso, da existencia no proxecto de varios criterios obxectivos de prelación, segundo o esquema recollido no anexo VII.

7º Avaliación económica dos gastos que se van realizar que inclúa tres orzamentos ou facturas pro forma de diferentes provedores nos supostos de que o custo sexa superior a 30.000 euros por execución de obra, ou de 12.000 euros no caso de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica.

8º Relación de integrantes da asociación ou agrupación, número de identificación fiscal destes,

número do Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (REGA) das súas explotacións.

9º Acreditación ou certificación da acta de reunión da Xunta Directiva, pola que se acorda a existencia, a todos os socios ou integrantes, do cumprimento das normas mínimas en materia sanitaria, identificación, alimentación, medio natural, hixiene e benestar dos animais, de conformidade coa normativa comunitaria, nacional e autonómica.

10º Documentación acreditativa de tratarse dunha instalación equina con actividade comercial.

c) Axudas aos investimentos en pequenas e medianas empresas agrarias equinas dedicadas á transformación e comercialización de carne de cabalo (solicitude segundo o anexo III):

1º Se procede acreditación da personalidade xurídica da entidade solicitante. De ser o caso, mediante certificación de inscrición e vixencia, incluíndo o teor literal dos seus estatutos, emitido polo rexistro mercantil.

2º Acreditación da representatividade do solicitante, de ser o caso.

3º Certificado orixinal da entidade financeira sobre a titularidade da conta en que se solicita o ingreso do importe da axuda.

4º Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien o proxecto e de que non se atopa incurso nalguna das causas de prohibición previstas na normativa aplicable en materia de subvencións, ou encher debidamente asinada, a declaración que figura no anexo V.

5º Memoria técnica elaborada por un titulado universitario en disciplina de contido agrario ou biolóxico na que se expoña o conxunto do proxecto, a súa viabilidade económica, a repercusión deste no medio onde se desenvolva, así como a xustificación, se é o caso, da existencia no proxecto de varios criterios obxectivos de prelación, segundo o esquema recollido no anexo VII.

6º Avaliación económica dos gastos que se van realizar que inclúa tres orzamentos ou facturas pro forma de diferentes provedores nos supostos de que o custo sexa superior a 30.000 euros por execución de obra, ou de 12.000 euros, no caso de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica.

7º Documentos acreditativos da viabilidade económica da empresa.

8º Relación de produtores equinos, explotacións vinculadas, número de identificación fiscal destes, número do Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (REGA) e domicilio da explotación, cos que se teñan subscrito acordos agroalimentarios e de comercialización, xuntando copia dos respectivos contratos e do compromiso de cumprimento das nor-

mas mínimas en materia sanitaria, identificación, alimentación, medio natural, hixiene e benestar dos animais, de conformidade coa normativa comunitaria, nacional e autonómica.

9º Memoria descriptiva do sistema de trazabilidade na produción, de análises de perigos e puntos de control críticos en todo o proceso produtivo, así como do protocolo para a xestión dos subprodutos xerados durante o proceso produtivo.

10º Declaración sobre calquera outra axuda *de minimis* recibida durante os dous exercicios anteriores e durante o exercicio fiscal en curso, ou encher debidamente asinada, a declaración que figura no anexo VIII.

11º Documentación acreditativa de tratarse dunha instalación equina con actividade comercial.

d) Axudas ás pequenas e medianas empresas non agrarias e outras institucións (solicitud segundo o anexo IV):

1º Se procede, acreditación da personalidade xurídica da entidade solicitante, mediante certificación de inscrición e vixencia, incluíndo o teor literal dos seus estatutos, emitido polo rexistro mercantil.

2º Acreditación da representatividade do solicitante, de ser o caso.

3º Certificado orixinal da entidade financeira sobre a titularidade da conta en que se solicita o ingreso do importe da axuda.

4º Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien o proxecto e de que non se atopa incurso nalgunha das causas de prohibición previstas na normativa aplicable en materia de subvencións, ou encher debidamente asinada, a declaración que figura no anexo V.

5º Memoria técnica elaborada por un titulado universitario en disciplina de contido agrario ou biolóxico na que se expoña o conxunto do proxecto, a súa viabilidade económica, a repercusión deste no medio onde se desenvolva, así como a xustificación, se é o caso, da existencia no proxecto de varios criterios obxectivos de prelación, segundo o esquema recollido no anexo VII.

6º Avaliación económica dos gastos que se van realizar que inclúa tres orzamentos ou facturas proforma de diferentes provedores nos supostos de que o custo sexa superior a 30.000 euros por execución de obra, ou de 12.000 euros no caso de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica.

7º Documentos acreditativos da viabilidade económica da empresa.

8º Documentación acreditativa de posuír a capacidade profesional suficiente do persoal responsable

dos animais ou plan de formación que se levará a cabo.

9º Memoria do programa sanitario que se vai desenvolver, visado e supervisado por un veterinario, facendo mención específica á xestión de subprodutos xerados na actividade que se leve a cabo cos équidos.

10º Declaración sobre calquera outra axuda *de minimis* recibida durante os dous exercicios anteriores e durante o exercicio fiscal en curso, ou encher debidamente asinada, a declaración que figura no anexo VIII.

11º Documentación acreditativa de tratarse dunha instalación equina con actividade comercial.

e) Axudas á formación (solicitud segundo o anexo II no caso de cursos de produción e cría equina, solicitud segundo o anexo III no caso de cursos no ámbito da produción, comercialización e transformación de carne de cabalo, e solicitud segundo o anexo IV no caso de cursos para profesionais no ámbito ecuestre) xuntando á solicitud a documentación correspondente. No caso da memoria de actividades, esta debe expoñer os obxectivos, o programa do curso, o orzamento pormenorizado e as datas de celebración.

Artigo 27º.-*Autorización.*

1. A presentación da solicitud de concesión de axuda polo interesado implicará a autorización á Dirección Xeral de Producción Agropecuaria para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia. Así mesmo, de acordo co establecido na disposición primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, se é o caso.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso.

Artigo 28º.-*Tramitación e resolución.*

1. O órgano competente para a instrución e tramitación do procedemento é a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria. A resolución do expediente correspóndelle ao conselleiro do Medio Rural, por proposta do director xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria.

2. A baremación das solicitudes, segundo os criterios do artigo 25º, será efectuada por un órgano colexiado constituído para o efecto, formado polo: presi-

dente, o subdirector/a xeral de Gandaría; vogal o/a xefe/a de servizo de Dotación de medios, e secretario o/a xefe/a de Servizo de Producións Gandeiras, que emitirá o informe correspondente. Á vista deste informe o director xeral de Produción Agropecuaria elevará proposta de resolución ao conselleiro do Medio Rural.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será dun máximo de nove meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo os interesados/as poderán entender desestimadas as súas solicitudes de axuda.

4. Esta resolución pon fin á vía administrativa e, contra ela, poderá presentarse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación.

Artigo 29º.-Acumulación e compatibilidade das axudas.

1. A contía máxima percibida por beneficiario non poderá exceder os 60.000 euros para cada convocatoria para o conxunto de todas as liñas establecidas. No caso de asociacións ou agrupacións de produtores, esta cantidade poderá chegar até os 100.000 euros por exercicio fiscal.

2. As subvencións previstas nesta orde serán compatibles con calquera outras que, para a mesma finalidade e obxecto, puidesen establecer outras administracións públicas ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

3. A obtención concorrente de axudas outorgadas para a mesma finalidade por todas as administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, cando o importe total das subvencións percibidas por cada beneficiario supere o custo de toda a actividade que vaia desenvolver para o período de que se trate, dará lugar á redución proporcional que corresponda no importe das subvencións reguladas por esta orde, ata axustarse a ese límite.

Se aínda así a suma de subvencións supón unha intensidade da axuda superior aos máximos establecidos nesta orde ou na normativa estatal ou comunitaria aplicable, reducirase ata o citado límite.

Artigo 30º.-Control da execución dos programas.

O control da execución dos programas levarao a cabo a Dirección Xeral de Produción Agropecuaria, realizando as comprobacións e inspeccións que considere necesarios, co fin de comprobar a veracidade dos datos e da documentación presentada, así como lóxico seguimento e control das axudas concedidas e facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8

de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 31º.-Modificación da resolución.

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, no suposto de falla de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

3. Así mesmo, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, cando o importe total das axudas percibidas por cada beneficiario supere os máximos previstos nesta orde ou na normativa comunitaria aplicable, dará lugar á redución proporcional que corresponda no importe das subvencións reguladas nesta orde, ata respectar o dito límite.

Artigo 32º.-Incumprimento e reintegro.

1. O incumprimento dos requisitos exixidos para a concesión da subvención, con independencia doutras responsabilidades en que puidese incurrir o beneficiario, dará lugar á perda do dereito á subvención concedida, coa obriga de rembolsar as cantidades, se é o caso, percibidas, incrementadas cos xuros de demora legais.

2. En caso de incumprimentos parciais relativos ás actividades subvencionables, procederase á redución proporcional das subvencións concedidas ou aboadas.

3. O interesado ten a obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención ou axuda pública percibida xunto cos xuros de demora devengados desde o seu pagamento nos supostos de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e nos casos establecidos no artigo 37.1º da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Artigo 33º.-Obriga de facilitar información.

O interesado ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como as que lle solicite calquera órgano comunitario de inspección ou control.

Artigo 34º.-Prazo de realización das actuacións e xustificacións.

1. As xustificacións técnicas e económicas da realización do programa deberán dirixirse antes do 15 de novembro á Dirección Xeral de Produción Agropecuaria.

2. Por regra xeral, os gastos realizados polo beneficiario final deberán xustificarse mediante facturas orixinais, pagadas mediante transferencia bancaria ou documento contable con valor probatorio equivalente. Para efectuar o pagamento da axuda concedida, é necesario que os beneficiarios presenten os xustificantes orixinais de investimento total, transferencia bancaria dos pagamentos, unha relación informatizada destes e unha memoria explicativa sobre a realización das actividades auxiliadas, que probe a prestación efectiva dos servizos. Para cada concepto, presentárase unha táboa comparativa entre os gastos realizados, debidamente xustificadas, e os presentados no orzamento inicial. A relación informatizada das facturas debe constar dos seguintes campos: concepto, proveedor, número de factura, data de emisión e data de pagamento, base imponible, importe correspondente ao IVE e importe total con IVE.

3. Non se considerará gasto realizado o IVE, excepto no caso de beneficiarios que acrediten estar exentos do imposto sobre o valor engadido pola axencia tributaria.

4. De acordo co artigo 30, punto 4º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, cando as actividades foran financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

5. De acordo co artigo 31, punto 3º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros, no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000 euros no caso de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía e debe xustificarse expresamente nunha memoria cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

6. As actividades obxecto de subvención deberán realizarse con posterioridade á presentación da solicitude e, conforme o disposto capítulo III das directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario e forestal 2007-2013 (2006/C 319/01) e no artigo 18 o regulamento (CE) 1857/2006 da Comi-

sión, do 15 de decembro de 2006 sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas e polo que se modifica o Regulamento (CE) 70/2001, non poderán subvencionarse actividades levadas a cabo con anterioridade á aceptación expresa e vinculante para a autoridade competente da solicitude da axuda presentadas.

7. En calquera caso, coa xustificación e se houber modificación da declaración anterior, o petionario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como de outros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

8. De acordo co artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, un beneficiario poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. A actividade subvencionada que o beneficiario subcontrate con terceiros non excederá da porcentaxe recollida nos artigos 7º, 11º, 16º e 20º contía das axudas.

Cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e o devandito importe sexa superior a 60.000 euros, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Que o contrato se celebre por escrito.
- b) Que a celebración do mesmo o autorice previamente a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.

Non se poderá fraccionar un contrato co obxecto de diminuír a súa contía e eludir o cumprimento dos requisitos anteriores.

Os beneficiarios serán responsables de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros, sexan respectados os límites recollidos nos artigos 7º, 11º, 16º e 20º contía das axudas.

En ningún caso, poderá ser concertada polo beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalguna das prohibicións do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.
- b) Persoas ou entidades que perciban outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos cales os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, a menos que o dito pagamento

este xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou os servizos prestados.

d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, non sendo que concorran as seguintes circunstancias:

1. Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.

2. Que se obteña a autorización previa da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.

e) Persoas ou entidades solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, que non obteñan subvención por non reuniren os requisitos ou non acadar a valoración suficiente.

Artigo 35º.-*Infraccións e sancións.*

Aos/ás beneficiarios/as das axudas reguladas nestas bases seranlles de aplicación do réxime de infraccións e sancións previsto nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 36º.-*Financiamento.*

1. As axudas que deriven da aplicación desta orde proceden dos orzamentos xerais do Estado, e financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Aplicación 13.02.713_C 771.2 dotada para esta finalidade cun importe máximo de 100.000 euros.

A concesión da axuda someterase á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

2. Así mesmo, os importes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia cos que se financiarán estas axudas poderanse incrementar con fondos comunitarios, estatais ou autonómicos achegados para o efecto.

3. O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se é o caso, logo de aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

Disposicións adicionais

Primeira.-En todas aquelas cuestións non previstas nesta orde será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

Segunda.-As axudas reguladas por esta orde rexeranse polas normas comunitarias aplicables e concre-

tamente, no caso das axudas ás pequenas e medianas empresas agrarias, Regulamento (CE) 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas e polo que se modifica o Regulamento (CE) 70/2001, DO L 358, 16-12-2006; ao Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*, DO L 379, 28-12-2006; e ao Regulamento (CE) 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de extensión por categorías), DO L 214, 9-8-2008, e o Real decreto 1643/2008, do 10 de outubro, que establece as bases reguladoras das subvencións estatais destinadas ao sector equino.

Terceira.-De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Medio Rural publicará na súa páxina web oficial as concesións das axudas reguladas nesta orde, polo que a presentación da solicitude leva implícita autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Así mesmo, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso.

Cuarta.-O outorgamento das axudas reguladas no capítulo II, sección segunda, artigo 9º, puntos 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 8, queda condicionado á publicación do número de rexistro da solicitude de exención na páxina web da Dirección Xeral de Agricultura e Desenvolvemento Rural da Comisión Europea, non sendo aplicables antes de dita data.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Producción Agropecuaria para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2010.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I



PROCEDIMIENTO <i>AXUDAS Á PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS AGRARIAS OU EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DEDICADAS Á PRODUCCIÓN E CRÍA DE ÉQUIDOS PARA A REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS</i>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <i>MR538A</i>	DOCUMENTO <i>SOLICITUDE</i>
--	---	------------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

DATOS DEL SOLICITANTE				
ENTIDADE				CIF
ENDEREZO			PROVINCIA	CONCELLO
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	

E na súa representación:

APELLIDOS			NOME		NIF
ENDEREZO			PROVINCIA	CONCELLO	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO		

DATOS BANCARIOS

DADOS BANCÁRIOS			
CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME DA ENTIDADE BANCARIA		OFICINA	

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DE TRATARSE DUNHA INSTALACIÓN EQUINA CON ACTIVIDADE COMERCIAL.
- ☐ ACREDITACIÓN DA PERSONALIDADE XURÍDICA DA ENTIDADE SOLICITANTE, SE PROCEDE, MEDIANTE CERTIFICACIÓN DE INSCRICIÓN E VIXENCIA EMITIDA POLO REXISTRO CORRESPONDENTE.
- ☐ ACREDITACIÓN DA REPRESENTATIVIDADE DO SOLICITANTE, SE PROCEDE.
- ☐ CERTIFICADO ORIXINAL DA ENTIDADE FINANCIERA SOBRE A TITULARIDADE DA CONTA EN QUE SE SOLICITA O INGRESO DO IMPORTE DA AXUDA.
- ☐ DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS, PARA O MESMO PROXECTO, DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES OU CALQUERA DOS SEUS ORGANISMOS, ENTES OU SOCIEDADES, ASÍ COMO DOUTROS INGRESOS OU RECURSOS QUE FINANCIEN O PROXECTO, E DE QUE NON SE ESTÁ INCURSO NALGUNHA DAS CAUSAS DE PROHIBICIÓN PREVISTAS NA NORMATIVA APLICABLE EN MATERIA DE SUBVENCIÓNS, OU DEBIDAMENTE ASINADA A DECLARACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO V.
- ☐ MEMORIA TÉCNICA ELABORADA POR UN TITULADO UNIVERSITARIO EN DISCIPLINA DE CONTIDO AGRARIO O BIOLÓXICO NA QUE SE EXPOÑA O CONXUNTO DO PROXECTO, SUFICIENCIA PARA A VIABILIDADE ECONÓMICA DA EMPRESA OU EXPLOTACIÓN, A REPERCUSIÓN DESTA NO MEDIO ONDE SE DESENVOLVA, ASÍ COMO A XUSTIFICACIÓN, SE É O CASO, DA EXISTENCIA NO PROXECTO DE VARIOS CRITERIOS OBJECTIVOS DE PRELACIÓN, SEGUNDO O ESQUEMA RECOLLIDO NO ANEXO VII.
- ☐ AVALIACIÓN ECONÓMICA DOS GASTOS QUE SE VAN REALIZAR.
- ☐ DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DE TRATARSE DA PRIMEIRA INSTALACIÓN COMO EXPLOTACIÓN GANDEIRA EQUINA, DE SER O CASO.
- ☐ ACORDOS DE COMERCIALIZACIÓN EXISTENTES, DE SER O CASO.
- ☐ COMPROMISO DE CUMPRIMENTO NA SÚA EXPLOTACIÓN OU EMPRESA AGRARIA DAS NORMAS MÍNIMAS EN MATERIA SANITARIA, DE IDENTIFICACIÓN, ALIMENTACIÓN, MEDIO NATURAL, HIXIENE E BENESTAR DOS ANIMAIS, DE CONFORMIDADE COA NORMATIVA COMUNITARIA, NACIONAL, AUTÓNOMICA, OU DEBIDAMENTE ASINADA A DECLARACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO VI.

Quen abaixo asina, en representación da entidade solicitante, declara que ten coñecemento da normativa reguladora desta axuda e dos compromisos que asume a entidade, e cada un dos seus membros, no desenvolvemento das actividades subvencionadas e das normas mínimas autonómicas, estatais e comunitarias en materia sanitaria, de identificación, rexistro, alimentación, medicamentos, hixiene e benestar dos animais. Polo tanto, solicita que lle sexa concedida a axuda establecida na Orde do 24 de marzo de 2010, da Consellería do Medio Rural, pola que se establecen axudas para o fomento e desenvolvemento do sector equino.

Quen abaixo que asina, expón :

Que autoriza a Consellería do Medio Rural, para incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas; e que autoriza a Consellería do Medio Rural para o tratamento dos seus datos, para os efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, para publicar na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

Que autoriza a Consellería do Medio Rural, á obtención de forma directa da acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos, así como segundo o Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia a dar publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no dito rexistro

